

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11545 *Lei orgánica 16/2015, do 27 de outubro, sobre privilexios e inmunidades dos Estados estranxeiros, as organizacións internacionais con sede ou oficina en España e as conferencias e reunións internacionais celebradas en España.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

As inmunidades soberanas do Estado encarnan tradicionalmente un principio básico do dereito internacional que deriva, pola súa vez, dos principios de independencia, soberanía e igualdade dos Estados (*par in parem imperium non habet*). O seu contido xurídico é basicamente de natureza procesual e supón que os xuíces e tribunais dun Estado non poden vulgar outro Estado. Abrangue tanto o dereito do Estado a non ser demandado nin sometido a xuízo ante os órganos xurisdiccionais doutro Estado (inmunidade de xurisdición) como o dereito a que non se execute o xulgado (inmunidade de execución).

Na actualidade, como consecuencia dos fenómenos de cooperación internacional, as inmunidades internacionais abranguen tamén outros ámbitos, entre os cales destacan o das organizacións internacionais e o das conferencias e reunións internacionais, sen esquecer as relativas aos xefes de Estado, xefes de Goberno e ministros de Asuntos Exteriores, os buques de guerra e buques e aeronaves de Estado e as forzas armadas estranxeiras. Todo isto configura un panorama complexo no cal algúns sectores atinxiron xa unha regulación consolidada en canto noutros existe aínda certa fragmentación e indeterminación.

O réxime xurídico internacional destas inmunidades afunde as súas raíces na práctica xudicial internacional e foise configurando a través de normas consuetudinarias que posteriormente se recolleron en diversos tratados. No entanto, a regulación derivada destes tratados non abrangue a totalidade das cuestións que xorden na práctica e non ofrece aínda unha resposta suficientemente satisfactoria. Particularmente delicada é a cuestión dos límites das inmunidades, dado que a vella doutrina absoluta das inmunidades foi dando paso a unha doutrina máis restritiva que faga compatible a existencia de tales inmunidades coas exixencias elementais de tutela xudicial efectiva derivadas do principio de Estado de dereito.

De aí que, á hora de fixar o estatuto internacional das inmunidades, se deban ter en consideración tres planos diferentes, a saber, o convencional, o consuetudinario e o xurisprudencial.

Polo que concirne ao plano convencional, constátase a existencia de diversos tratados internacionais de dispar contido e exixencia de desenvolvemento normativo nacional. Pódese diferenciar, neste senso, entre tratados que regulan os privilexios e inmunidades dos órganos do Estado que participan na acción exterior, os que tratan especificamente as inmunidades do Estado estranxeiro no Estado do foro e outros tratados sobre ámbitos absolutamente alleos ás inmunidades pero con disposicións específicas de relevancia na materia.

En primeiro lugar, en relación cos privilexios e inmunidades dos órganos do Estado que participan na acción diplomática e consular existen, pola súa vez, tres tratados internacionais de carácter universal. Estes instrumentos configuran un ámbito plenamente asentado e non necesitado de desenvolvemento normativo interno. Trátase, en concreto, dos convenios relativos ás relacións diplomáticas (Convención de Viena, do 18 de abril de 1961), as relacións consulares (Convención de Viena, do 24 de abril de 1963) e, en menor medida, as misións especiais (Convenio de Nova York, do 16 de decembro de 1969). España é parte nestes tratados, que están incorporados ao noso ordenamento xurídico interno (respectivamente BOE núm. 21, do 24 de xaneiro de 1968, con corrección de erros no BOE núm. 80, do 2 de abril de 1968; BOE núm. 56, do 6 de marzo de 1970; e BOE núm. 159, do 4 de xullo de 2001).

En segundo lugar, polo que concirne ao réxime xurídico básico das inmunidades de que gozan os Estados estranxeiros no Estado do foro, existe a Convención das Nacións Unidas, do 2 de decembro de 2004, sobre as inmunidades xurisdicionais dos Estados e dos seus bens, que representa a principal tentativa codificadora na materia. Mais esta convención, aberta á sinatura en Nova York o 17 de xaneiro de 2005, non entrou aínda en vigor nin é probable que entre nun futuro inmediato, xa que se precisa para isto o depósito de trinta instrumentos de ratificación ou adhesión (art. 30.1) e, polo momento, só dezasete Estados o fixeron. Non obstante, a propia Asemblea Xeral de Nacións Unidas considera que as inmunidades recollidas neste instrumento constitúen «un principio xeralmente aceptado no dereito internacional consuetudinario», de maneira que o seu cumprimento «fortalecería a preeminencia do dereito e a seguranza xurídica, particularmente nas relacións dos Estados coas persoas naturais ou xurídicas»; igualmente, destaca «a importancia da uniformidade e a claridade no dereito das inmunidades xurisdicionais dos Estados e dos seus bens». En todo caso, España depositou o seu instrumento de adhesión á Convención o 11 de setembro de 2011 e mostrou sempre un firme compromiso internacional en defensa dos principios e garantías do réxime de inmunidades.

En terceiro lugar, xunto a esta Convención de 2004 encóntranse outros tratados en vigor en ámbitos diferentes ás inmunidades, pero que no seu articulado conteñen disposicións relevantes sobre a materia. Cabe subliñar tres modalidades diferentes. Sería, en primeiro termo, o caso dos artigos 32, 95 e 96 da Convención das Nacións Unidas sobre dereito do mar, do 10 de decembro de 1982, de que España é parte, no que se refire aos buques de guerra que pertencen a un Estado (BOE núm. 39, do 14 de febreiro de 1997).

É tamén, en segundo termo, o suposto do réxime das forzas armadas dun Estado presentes no territorio doutro. O seu estatuto de inmunidades acostúmase regular a través de convenios *ad hoc* que, na práctica, son coñecidos polo seu acrónimo inglés (SOFAs, Status of Foreign Forces Agreements). No caso español cóntase basicamente cos relativos á OTAN (Convenio de Londres entre os Estados parte do Tratado de Atlántico Norte relativo ao estatuto das súas forzas, do 19 de xuño de 1951; BOE núm. 128, do 29 de maio de 1998). Polo que concirne aos membros das forzas armadas dos Estados Unidos presentes en España, débense ter tamén en conta as previsións recollidas no relevante Convenio sobre cooperación para a defensa, do 1 de decembro de 1988, revisado polos protocolos de emenda, do 10 de abril de 2002 e do 10 de outubro de 2012 (BOE núm. 108, do 6 de maio de 1989; BOE núm. 45, do 21 de febreiro de 2003; e BOE núm. 138, do 10 de xuño de 2013).

Finalmente, en relación coa trintena de organizacións internacionais con sede ou oficina en España, existen dous tipos de acordos internacionais para regular as súas inmunidades. Por un lado, algunhas organizacións internacionais contan con convenios internacionais celebrados entre todos os seus Estados membros. Tal é o caso da Unión Europea (Protocolo número 7, anexo ao Tratado de funcionamento da Unión Europea, sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea) ou das organizacións do ámbito de Nacións Unidas, para as cales existe un convenio xeral (Convención xeral sobre prerrogativas e inmunidades de Nacións Unidas, do 13 de febreiro de 1946; BOE núm. 282, do 25 de novembro de 1974) e outro para os seus organismos especializados (Convención sobre privilexios e inmunidades dos organismos especializados, do 25 de novembro

de 1947; BOE núm. 282, do 25 de novembro de 1974). No entanto, por outro lado, para o resto das organizacións internacionais celebráronse acordos de sede entre a organización concernida e o Reino de España.

Ademais dos convenios internacionais, concorren igualmente obrigacións derivadas do dereito internacional consuetudinario, que inciden directamente no réxime das inmunidades en España dos suxeitos de dereito internacional. É, entre outros, o caso das aeronaves de Estado, cuxo réxime xurídico queda fóra do Convenio de Chicago, do 7 de decembro de 1944, sobre aviación civil internacional, en virtude do seu artigo 3 a). Tamén encaixan nesta categoría aspectos concretos da inmunidade penal dos funcionarios do Estado (por exemplo, o réxime aplicable aos xefes de Estado, presidentes de Goberno e ministros de Asuntos Exteriores), que nestes momentos está a ser obxecto de atención incipiente da Comisión de Dereito Internacional. Ou mesmo cristalizaron costumes internacionais arredor de ámbitos específicos das inmunidades do Estado, como aquela segundo a cal a renuncia á inmunidade de xurisdición non significa por si mesma unha correlativa renuncia á inmunidade de execución. Con todo, perviven amplas dúbidas a propósito do carácter consuetudinario ou non de bo número de aspectos das inmunidades, en cuestións de índole tanto substantiva como procesual.

Por último, os tribunais internacionais contribuíron a clarificar o réxime das inmunidades con relevantes sentenzas, que en aspectos fundamentais marcan a pauta de actuación dos órganos xurisdicionais nacionais. Destaca, por cima de todos, a Corte Internacional de Xustiza, pero tamén o Tribunal Internacional de Dereito do Mar ou o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que desenrolaron unha xurisprudencia de crecente interese na materia.

Non obstante, ao final, perviven lagoas importantes no réxime internacional das inmunidades. Isto, en último termo, fai que, indirectamente, tamén a xurisprudencia sobre a materia doutros tribunais nacionais poida servir en ocasións como valioso elemento de referencia.

Nestes momentos, talvez a lagoa máis salientable sexa a relativa aos privilexios e inmunidades aplicables aos participantes en conferencias e reunións internacionais que se celebran no territorio dun determinado Estado. Non se regula a cuestión en ningún tratado internacional, tampouco existe dereito consuetudinario ao respecto e carécese dunha resposta xurisdicional adecuada. Perante esta realidade, no caso español, celébranse tratados internacionais *ad hoc*, que esgotan os seus efectos unha vez celebrado o acontecemento cuxa inmediatez require, ademais, en moitas ocasións, o recurso á aplicación provisoria.

II

Polo que respecta ao ámbito xurídico interno, o tratamento das inmunidades exige considerar tanto a perspectiva constitucional e lexislativa como o marco xurisprudencial establecido basicamente pola doutrina do Tribunal Constitucional sobre a materia.

Desde a perspectiva constitucional, o artigo 24 da Carta Magna garante o dereito de todas as persoas «a obter a tutela xudicial efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, se poida producir indefensión». Pola súa parte, o artigo 117.3 establece que «o exercicio da potestade xurisdicional en toda clase de procesos, xulgando e facendo executar o xulgado, correspóndelles exclusivamente aos xulgados e tribunais determinados polas leis, conforme as normas de competencia e procedemento que estas establezan». Non existe, emporiso, previsión ningunha en relación coas inmunidades do Estado estranxeiro.

Por outro lado, a Constitución recolle igualmente unha clara exigencia de cumprimento das obrigacións xurídicas derivadas do dereito internacional (arts. 93 a 96). Entre elas, loxicamente, inclúense as obrigacións contidas en tratados internacionais celebrados por España en materia de inmunidades, así como outro tipo de obrigacións que poidan derivar do dereito internacional consuetudinario ou de sentenzas obrigatorias de tribunais internacionais.

No plano lexislativo, a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, prevé no punto primeiro do artigo 21 que «os xulgados e tribunais españois coñecerán dos xuízos

que se susciten en territorio español entre españois, entre estranxeiros e españois e estranxeiros conforme o establecido na presente lei e nos tratados e convenios internacionais en que España sexa parte». Ben que, polo que directamente afecta a inmunidade, o punto segundo fixa que «se exceptúan os supostos de inmunidade de xurisdición e de execución establecidos polas normas do dereito internacional público». Esta disposición supuxo, no seu momento, unha importante novidade, que permitía a España cumprir coas súas obrigacións internacionais. En parecido sentido, a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, tamén recolle no seu articulado a adecuada remisión aos «tratados e convenios internacionais nos que España sexa parte», ao referirse a aspectos da xurisdición civil concernidos polas inmunidades (art. 36). Estas previsións normativas resultan, en suma, acordes co dereito internacional.

Pola súa parte, o Tribunal Constitucional considerou plenamente conforme coa Constitución o «límite negativo que deriva da inmunidade xurisdicional atribuída aos Estados estranxeiros». Deste modo, «o legislador necesariamente debe ter presentes os límites, positivos e negativos, que o dereito internacional impón aos Estados» e isto «véñ a corroborar a xustificación obxectiva e razoable da inmunidade da xurisdición (...)», porque «caso de que se estendese alén do ámbito delimitado polo dereito internacional e tentase facer efectiva en todo caso a tutela xurisdicional na orde interna, o Estado podería incorrer, ao facelo así, nun feito ilícito pola violación dunha obrigación internacional, o que entrañaría a súa responsabilidade internacional fronte a outro Estado» (STC 140/1995, do 28 de setembro, fundamento xurídico 9). Polo que se refire á inmunidade de execución, o Tribunal Constitucional tamén considerou que o réxime desta inmunidade «se contén en normas de dereito internacional público que se obteñen por indución de datos de orixe moi diversa, entre os cales se encontran as convencións internacionais e a práctica dos Estados» (STC 18/1997, do 10 de febreiro, fundamento xurídico 6).

No entanto, esta remisión xenérica ao dereito internacional provoca, no plano xudicial interno, certa inseguranza xurídica e mesmo un casuismo xurisprudencial que, en ocasións, pode conducir a erros ou contradicións, susceptibles, no plano externo, de comprometer a responsabilidade internacional de España. De feito, o legislador recibiu unha aberta recomendación do propio Tribunal Constitucional para que regule o réxime das inmunidades dos Estados estranxeiros en España co albo de garantir unha maior certeza no ámbito xurisdicional interno sobre a base dunha doutrina restrinxida da inmunidade de xurisdición e de execución (STC 107/1992, do 1 de xullo).

Por tanto, case tres décadas despois da introdución do xa aludido precepto na Lei orgánica do poder xudicial, parece conveniente desenvolver lexislativamente a cuestión a través dunha lei orgánica que, con pleno respecto das obrigacións internacionais asumidas polo noso país, regule de forma sistemática esta materia. Isto resulta aínda máis necesario, na procura da necesaria seguranza xurídica, por canto o propio dereito internacional a que remite a nosa lexislación presenta, como xa se mencionou, unha regulación tamén insuficiente e fragmentada. E convén facelo, unha vez emprendido o labor, de maneira que se inclúan tamén aquelas outras inmunidades diferentes ás inmunidades do Estado estranxeiro e dos seus representantes, pero que xa son frecuentes como consecuencia da intensidade da cooperación internacional. É o caso, basicamente, das inmunidades das organizacións internacionais, as forzas armadas visitantes, os buques e aeronaves de Estado, así como o réxime de privilexios e inmunidades das conferencias internacionais ou reunións que se celebren no noso país. Todo isto, velando pola redución ao mínimo imprescindible do efecto que estas inmunidades teñen respecto do dereito ao acceso efectivo á xustiza e garantindo, naqueles ámbitos onde existe capacidade do Goberno para modular o réxime establecido pola lei, o exercicio da función de control do Parlamento.

Esta lei orgánica constitúe, ademais, o complemento idóneo das outras leis en materia de dereito internacional aprobadas durante esta lexislatura, a saber, a Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado (BOE núm. 74, do 26 de marzo de 2014) e a Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais (BOE núm. 288, do 28 de novembro de 2014).

III

O contido da presente lei orgánica artículase en oito títulos. O punto de partida configúranos as disposicións xerais do título preliminar sobre obxecto, definicións e ámbito material. A seguir, como núcleo central da lei orgánica regúlanse as inmunidades xurisdicionais do Estado estranxeiro en España (título I), diferenciando nos respectivos capítulos entre inmunidade de xurisdición e inmunidade de execución. As inmunidades previstas neste título concíbense como un dereito renunciabile, de maneira expresa ou tácita. É, igualmente, unha obrigaición de carácter non absoluto para o Estado do foro, xa que coñece certos límites. A partir de aí, a presente lei orgánica trata os privilexios e inmunidades do xefe do Estado, do xefe do Goberno e do ministro de Asuntos Exteriores do Estado estranxeiro (título II), a inmunidade do Estado respecto dos buques de guerra e dos buques e aeronaves de Estado (título III), o estatuto das forzas armadas visitantes (título IV), os privilexios e inmunidades das organizacións internacionais con sede ou oficina en España (título V) e os privilexios e inmunidades aplicables ás conferencias e reunións internacionais (título VI). A lei orgánica féchase cunhas disposicións de carácter procedemental (título VII) e as correspondentes disposicións adicional, derogatoria e derradeiras.

Cabe subliñar, por último, que a lei orgánica deixa fóra o réxime diplomático e consular, por contar cunha regulación internacional propia ben asentada que, desde hai décadas, forma xa parte do ordenamento xurídico español. Por outro lado, o seu contido débese entender, en todo caso, sen prexuízo das obrigaicións internacionais do noso país respecto do axuizamento de crimes internacionais, así como dos seus compromisos coa Corte Penal Internacional.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente lei orgánica ten por obxecto regular as inmunidades ante os órganos xurisdicionais españois e, se for o caso, os privilexios aplicables:

- a) Aos Estados estranxeiros e aos seus bens;
- b) Aos xefes de Estado e de Goberno e ministros de Asuntos Exteriores estranxeiros, durante o exercicio do seu cargo e unha vez finalizado este;
- c) Aos buques de guerra e aos buques e aeronaves de Estado;
- d) Ás forzas armadas visitantes;
- e) Ás organizacións internacionais con sede ou oficina en España e os seus bens; e
- f) Ás conferencias e reunións internacionais celebradas en España.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos da presente lei orgánica, enténdese por:

- a) Inmunidade de xurisdición: prerrogativa dun Estado, organización ou persoa de non ser demandado nin axuizado polos órganos xurisdicionais doutro Estado;
- b) Inmunidade de execución: prerrogativa pola cal un Estado, organización ou persoa e os seus bens non poden ser obxecto de medidas coercitivas ou de execución de decisións pronunciadas polos órganos xurisdicionais doutro Estado;
- c) Estado:
 - i) O Estado e os seus diversos órganos de goberno;
 - ii) Os elementos constitutivos dun Estado federal ou as subdivisións políticas do Estado que estean facultados para realizar actos no exercicio da autoridade soberana e actúen en tal capacidade;

iii) Os organismos e institucións do Estado e outras entidades públicas, aínda que teñan personalidade xurídica diferenciada, sempre que estean facultados para realizar actos no exercicio da autoridade soberana do Estado e que actúen en tal capacidade; e

iv) Os representantes do Estado cando actúen nesa condición.

d) Xefe de Estado: a persoa que exerce a xefatura dun Estado estranxeiro, calquera que for a denominación do seu cargo, incluíndo cada un dos membros dun órgano colexiado cando, de conformidade coa constitución respectiva, o dito órgano cumpra as funcións de tal;

e) Xefe de Goberno: a persoa que exerce a xefatura do Goberno dun Estado estranxeiro, calquera que for a denominación do seu cargo;

f) Ministro de Asuntos Exteriores: o membro do Goberno dun Estado estranxeiro responsable das relacións exteriores, calquera que for a denominación do seu cargo;

g) Buque de Estado: un buque de titularidade ou uso público dun Estado estranxeiro sempre que preste, con carácter exclusivo, servizos públicos de carácter non comercial;

h) Buque de guerra: un buque e, se for o caso, os buques auxiliares, adscritos ás forzas armadas dun Estado estranxeiro, que leven os signos exteriores distintivos dos buques de guerra da súa nacionalidade, se encontren baixo o mando dun oficial debidamente designado polo Goberno dese Estado, cuxo nome estea inscrito na relación de postos de oficiais ou nun documento equivalente e cuxas dotacións estean sometidas á disciplina das forzas armadas regulares;

i) Aeronave de Estado: unha aeronave pertencente a un Estado estranxeiro, operada ou explotada por el e utilizada exclusivamente para un servizo público non comercial, tales como servizos militares, de alfándega ou de policía;

j) Forzas armadas visitantes: o persoal militar dun Estado estranxeiro que, por invitación ou con consentimento de España, se encontre en territorio español en relación cos seus deberes oficiais, entendendo que España e o Estado estranxeiro poderán convir en que determinados individuos, unidades ou formacións non se considere que forman parte ou están incluídos nunha forza para os fins da presente lei orgánica;

k) Persoal civil das forzas armadas visitantes: o persoal civil que acompañe unha forza armada dun Estado estranxeiro e que estea empregado por un dos exércitos dese Estado, sempre que non sexan persoas apátridas, nin nacionais dun terceiro Estado respecto do cal España non consentise a súa entrada en territorio español, nin teñan nacionalidade española ou residencia habitual en España;

l) Organización internacional: unha organización de carácter intergubernamental, dotada de personalidade xurídica internacional e rexida polo dereito internacional que teña sede ou oficina en España;

m) Conferencia internacional: unha reunión, sexa de carácter intergubernamental ou non, celebrada ou que se vaia celebrar en España por iniciativa do Goberno de España ou dunha organización internacional de que España sexa parte con consentimento do Goberno español; e

n) Transacción mercantil: todo contrato ou transacción mercantil de compravenda de bens ou prestación de servizos; todo contrato de préstamo ou outra transacción de carácter financeiro, incluída calquera obrigaición de garantía ou de indemnización concernente a ese préstamo ou a esa transacción; calquera outro contrato ou transacción de natureza mercantil, industrial ou de arrendamento de obra ou de servizos, con exclusión dos contratos individuais de traballo. Para determinar se un contrato ou transacción é unha «transacción mercantil», atenderase principalmente á natureza do contrato ou da transacción, pero terase en conta tamén a súa finalidade se así o acordan as partes no contrato ou a transacción ou se, na práctica do Estado que é parte nun ou noutra, tal finalidade é pertinente para a determinación do carácter non mercantil do contrato ou da transacción.

Artigo 3. *Outros privilexios e inmunidades recoñecidos polo dereito internacional e non afectados pola presente lei orgánica.*

O disposto na presente lei orgánica entenderase sen prexuízo de calquera outro privilexio e inmunidade establecido polo dereito internacional e, en particular, dos recoñecidos:

- a) Ás misións diplomáticas, oficinas consulares e misións especiais dun Estado;
- b) Ás organizacións internacionais e ás persoas adscritas a elas; e
- c) Aos enxeños aeroespaciais e obxectos espaciais propiedade dun Estado ou utilizados por este.

TÍTULO I

Inmunidades do Estado estranxeiro en España

Artigo 4. *Inmunidades do Estado estranxeiro.*

Todo Estado estranxeiro e os seus bens desfrutarán de inmunidade de xurisdición e execución ante os órganos xurisdicionais españois, nos termos e condicións previstos na presente lei orgánica.

CAPÍTULO I

Inmunidade de xurisdición

Sección 1.ª Consentimento do estado estranxeiro ao exercicio da xurisdición por parte de órganos xurisdicionais españois

Artigo 5. *Consentimento expreso.*

O Estado estranxeiro non poderá facer valer a inmunidade de xurisdición nun proceso ante un órgano xurisdicional español respecto dunha cuestión en relación coa cal consentise de forma expresa o exercicio desa xurisdición:

- a) por acordo internacional;
- b) nun contrato escrito; ou
- c) por unha declaración ante o tribunal ou por unha comunicación escrita nun proceso determinado.

Artigo 6. *Consentimento tácito.*

O Estado estranxeiro non poderá facer valer a inmunidade de xurisdición ante un órgano xurisdicional español en relación cun determinado proceso:

- a) Cando este fose iniciado mediante a interposición de demanda ou querela polo propio Estado estranxeiro;
- b) Cando o Estado estranxeiro interviñese no proceso ou realizase calquera acto en relación co fondo;
- c) Cando o Estado estranxeiro formulase reconvencción baseada na mesma relación xurídica ou nos mesmos feitos que a demanda principal; ou
- d) Cando se formulase reconvencción baseada na mesma relación xurídica ou nos mesmos feitos que a demanda presentada polo Estado estranxeiro.

Artigo 7. *Comportamentos que non constitúen consentimento á xurisdición.*

Non se interpretará como consentimento do Estado estranxeiro ao exercicio da xurisdición por órganos xurisdicionais españois respecto dun determinado proceso:

- a) A intervención do Estado estranxeiro no proceso para facer valer a inmunidade;
- b) A comparecencia dun representante do Estado estranxeiro no proceso en calidade de testemuña;
- c) A incomparecencia do Estado estranxeiro no proceso; ou
- d) O consentimento expreso ou tácito, outorgado polo Estado estranxeiro, á aplicación da lei española á cuestión obxecto do proceso.

Artigo 8. *Revogación do consentimento.*

O consentimento do Estado estranxeiro a que se refiren os artigos 5 e 6 non poderá ser revogado unha vez iniciado o proceso ante un órgano xurisdiccional español.

Sección 2.ª Excepcións á inmunidade de xurisdición do estado estranxeiro

Artigo 9. *Procesos relativos a transaccións mercantís.*

1. O Estado estranxeiro non poderá facer valer a inmunidade ante os órganos xurisdicionais españois en relación con procesos relativos a transaccións mercantís celebradas polo dito Estado con persoas físicas ou xurídicas que non teñan a súa nacionalidade, salvo nos seguintes supostos:

- a) Cando se trate dunha transacción mercantil entre Estados; ou
- b) Cando as partes pactasen expresamente outra cousa.

2. Non se considerará que un Estado estranxeiro é parte nunha transacción mercantil cando quen realiza a transacción sexa unha empresa estatal ou unha entidade creada polo dito Estado, sempre que esa empresa ou entidade estea dotada de personalidade xurídica propia e de capacidade para:

- a) Demandar ou ser demandada; e
- b) Adquirir por calquera título a propiedade ou posesión de bens, incluídos os que este Estado lle autorizase explotar ou administrar e dispor deles.

Artigo 10. *Procesos relativos a contratos de traballo.*

1. Salvo acordo noutro sentido entre España e un Estado estranxeiro, este non poderá facer valer a inmunidade de xurisdición ante os órganos xurisdicionais españois nun proceso relativo a un contrato de traballo entre ese Estado e unha persoa física cando o traballo fose executado ou se vaia executar total ou parcialmente en España.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o Estado estranxeiro poderá facer valer a inmunidade de xurisdición nos procesos a que o citado número se refire nos seguintes supostos:

- a) Cando o traballador fose contratado para desempeñar funcións que supoñan o exercicio do poder público;
- b) Cando o empregado sexa:

- i) Un axente diplomático, segundo se define na Convención de Viena sobre relacións diplomáticas de 1961;

- ii) Un funcionario consular, segundo se define na Convención de Viena sobre relacións consulares de 1963; ou

- iii) Un membro do persoal diplomático dunha misión permanente ante unha organización internacional ou dunha misión especial ou que fose designado para representar o Estado estranxeiro nunha conferencia internacional.

c) Cando o proceso teña por obxecto a contratación, a renovación do contrato ou a readmisión do traballador;

d) Cando o proceso teña por obxecto o despedimento do traballador ou a rescisión do contrato e unha autoridade competente do Estado estranxeiro comunique que o dito proceso menoscaba os seus intereses de seguranza;

e) Cando o traballador fose nacional do Estado estranxeiro no momento de interposición da demanda, salvo que a dita persoa tivese a súa residencia habitual en España; ou

f) Cando o Estado estranxeiro e o traballador conviñesen outra cousa por escrito, salvo que a competencia dos órganos xurisdicionais españois fose irrenunciable para o traballador.

Artigo 11. *Procesos relativos a indemnización por lesións ás persoas e danos aos bens.*

Salvo acordo noutro sentido entre España e un Estado estranxeiro, este non poderá facer valer a inmunidade de xurisdición ante os órganos xurisdicionais españois nun proceso relativo a unha acción de indemnización pecuniaria por morte ou lesións sufridas por unha persoa ou por dano ou perda de bens, causados por un acto ou omisión presuntamente atribuíble a ese Estado, sempre que:

a) O acto ou omisión se producise total ou parcialmente en territorio español; e

b) O autor material do acto ou omisión se encontrase en territorio español no momento en que o acto ou omisión se produciu.

Artigo 12. *Procesos relativos á determinación de dereitos ou obrigacións respecto de bens.*

Salvo acordo noutro sentido entre España e un Estado estranxeiro, este non poderá facer valer a inmunidade de xurisdición ante os órganos xurisdicionais españois nun proceso relativo á determinación:

a) De dereitos reais, da posesión ou do uso do Estado estranxeiro respecto de bens inmoables situados en España;

b) De obrigacións do Estado estranxeiro derivadas dalgún dos dereitos a que se refire o parágrafo anterior;

c) De dereitos do Estado estranxeiro sobre bens mobles ou inmoables adquiridos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio, doazón ou prescrición; ou

d) De dereitos do Estado estranxeiro relativos á administración deses bens cando estean afectos a un fideicomiso ou pertenczan á masa activa nun procedemento concursal ou ao patrimonio de sociedades en liquidación.

Artigo 13. *Procesos relativos á determinación de dereitos de propiedade intelectual e industrial.*

Salvo acordo noutro sentido entre España e un Estado estranxeiro, este non poderá facer valer a inmunidade de xurisdición ante os órganos xurisdicionais españois nun proceso relativo:

a) Á determinación de dereitos de propiedade intelectual ou industrial dese Estado estranxeiro cando estes dereitos estean protexidos pola lexislación española; ou

b) Á suposta infracción polo Estado estranxeiro dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial dun terceiro cando estes dereitos estean protexidos pola lexislación española.

Artigo 14. *Procesos relativos á participación en persoas xurídicas e outras entidades de carácter colectivo.*

Salvo acordo noutro sentido entre España e un Estado estranxeiro, este non poderá facer valer a inmunidade de xurisdición ante os órganos xurisdicionais españois en procesos relativos á súa participación en sociedades, asociacións, fundacións e outras entidades, con ou sen ánimo de lucro, dotadas ou non de personalidade xurídica, que

concirnan ás relacións dese Estado coa entidade ou os demais participantes nela, sempre que esta:

- a) Se constituíse conforme a lexislación española ou ben a súa administración central ou o seu establecemento principal se encontren en España; e
- b) Non estea formada exclusivamente por suxeitos de dereito internacional.

Artigo 15. *Procesos relativos á explotación ou cargamento de buques pertencentes a un Estado ou explotados por este.*

1. Salvo acordo noutro sentido entre España e un Estado estranxeiro que sexa propietario dun buque ou o explote, este non poderá facer valer a inmunidade ante os órganos xurisdicionais españois nun proceso relativo:

- a) Á explotación dese buque, incluíndo, en particular, as accións relativas a abordaxes e outros accidentes da navegación, asistencia, salvamento, avaría grosa, reparacións, avituallamento e outros contratos concernentes ao buque e as relativas ás consecuencias da contaminación do medio mariño, sempre que, no momento de se producir o feito que dá lugar á acción, o buque estea a ser utilizado para un fin distinto do servizo público non comercial; ou
- b) Ao transporte do seu cargamento, sempre que, no momento de se producir o feito que dá lugar á acción, o cargamento estea a ser utilizado exclusivamente ou estea destinado a ser utilizado exclusivamente para un fin distinto do servizo público non comercial.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, o termo explotación abrangue a posesión do buque, o seu control, a súa xestión ou o seu fretamento, xa sexa por tempo, por viaxe, a casco nu ou outro.

3. Cando no curso do proceso se susciten dúbidas sobre o carácter público non comercial do buque ou do seu cargamento, a que se refire o número 1, a certificación acreditativa de tal carácter, asinada polo xefe de misión do Estado estranxeiro acreditado ante España ou pola autoridade competente do Estado estranxeiro no caso de que este non dispoña de misión acreditada ante o Estado español, fará proba plena.

4. O disposto no número 1 non se aplica, en ningún caso, aos buques de guerra e aos buques de Estado estranxeiros, que gozarán de inmunidade para todos os efectos.

Artigo 16. *Procesos relativos aos efectos dun convenio arbitral.*

Cando un Estado estranxeiro conviñese cunha persoa natural ou xurídica nacional doutro Estado a submisión a arbitraje de toda controversia relativa a unha transacción mercantil, salvo acordo das partes noutro sentido no convenio arbitral ou na cláusula compromisoria, o Estado non poderá facer valer a inmunidade ante un órgano xurisdiccional español nun proceso relativo:

- a) Á validez, interpretación ou aplicación da cláusula compromisoria ou do convenio arbitral;
- b) Ao procedemento de arbitraje, incluído o nomeamento xudicial dos árbitros;
- c) Á confirmación, á anulación ou á revisión do laudo arbitral; ou
- d) Ao recoñecemento dos efectos dos laudos estranxeiros.

CAPÍTULO II

Inmunidade de execución

Artigo 17. *Inmunidade do Estado estranxeiro respecto de medidas de execución.*

1. Os órganos xurisdicionais españois absteranse de adoptar medidas de execución ou outras medidas coercitivas contra bens do Estado estranxeiro, tanto antes como

despois da resolución xudicial, salvo que o dito Estado o consentise, de maneira expresa ou tácita.

2. Despois da resolución xudicial, os órganos xurisdicionais españois poderán tamén adoptar medidas de execución se se determinou que os bens obxecto daquelas se utilizan ou están destinados a ser utilizados polo Estado con fins distintos dos oficiais non comerciais, sempre que se encontren en territorio español e teñan un nexco co Estado contra o cal se incoou o proceso, aínda que se destinen a unha actividade distinta da que deu lugar ao litixio.

Artigo 18. *Consentimento á adopción de medidas de execución.*

1. O consentimento expreso do Estado estranxeiro a que se refire o artigo anterior deberase conter:

- a) en acordo internacional;
- b) nun contrato escrito; ou
- c) nunha declaración ante o tribunal ou nunha comunicación escrita nun proceso determinado.

2. Considérase que existe consentimento tácito para os efectos do artigo anterior unicamente cando o Estado estranxeiro asignou bens da súa propiedade á satisfacción da demanda obxecto do proceso.

3. O consentimento do Estado estranxeiro para o exercicio da xurisdición a que se refiren os artigos 5 e 6 non implicará, en ningún caso, consentimento para a adopción de medidas de execución.

Artigo 19. *Revogación do consentimento á adopción de medidas de execución.*

O consentimento do Estado estranxeiro a que se refire o artigo anterior non poderá ser revogado unha vez iniciado o proceso ante un órgano xurisdicional español.

Artigo 20. *Bens do Estado dedicados a fins públicos non comerciais.*

1. Dos bens propiedade do Estado estranxeiro ou dos que este tiver a posesión ou o control, considéranse en todo caso especificamente utilizados ou destinados a ser utilizados para fins públicos non comerciais os seguintes:

- a) Os bens, incluídas as contas bancarias, utilizados ou destinados a ser utilizados no desempeño das funcións da misión diplomática do Estado ou das súas oficinas consulares, misións especiais, representacións permanentes ante organizacións internacionais ou delegacións en órganos de organizacións internacionais ou en conferencias internacionais;
- b) Os bens do Estado de natureza militar ou utilizados ou destinados a ser utilizados no desempeño de funcións militares;
- c) Os bens do banco central ou doutra autoridade monetaria do Estado que se destinen aos fins propios desas institucións;
- d) Os bens que formen parte do patrimonio cultural ou dos arquivos do Estado ou dunha exposición de obxectos de interese científico, cultural ou histórico, sempre que non se puxesen nin estean destinados a pórse á venda; e
- e) Os buques e aeronaves de Estado.

2. O disposto no alínea a) do número anterior non será de aplicación a contas bancarias destinadas exclusivamente a fins distintos dos públicos non comerciais.

3. Os bens enumerados neste artigo non poderán ser obxecto de medidas de execución, salvo que o Estado estranxeiro prestase o seu consentimento.

TÍTULO II

Privilexios e inmunidades do xefe do Estado, o xefe de Goberno e o ministro de Asuntos Exteriores do Estado estranxeiro

CAPÍTULO I

Inviolabilidade e inmunidades dos xefes de Estado, xefes de Goberno e ministros de Asuntos Exteriores en exercicio

Artigo 21. Inviolabilidade.

1. As persoas do xefe de Estado, xefe de Goberno e ministro de Asuntos Exteriores do Estado estranxeiro serán inviolables cando se achen en territorio español, durante todo o período de duración do seu mandato, con independencia de que se encontren en misión oficial ou en visita privada. Non poderán ser obxecto de ningunha forma de detención, trataranse co debido respecto e adoptaranse todas as medidas adecuadas para impedir calquera atentado contra a súa persoa, a súa liberdade ou a súa dignidade.

2. A inviolabilidade a que se refire o número anterior esténdese ao seu lugar de residencia en España, á súa correspondencia e ás súas propiedades e, se for o caso, aos medios de transporte que utilicen.

Artigo 22. Inmunidade de xurisdición e execución.

1. As persoas a que se refire o presente capítulo desfrutarán de inmunidade de xurisdición e execución ante os órganos xurisdicionais españois de todas as ordes durante toda a duración do seu mandato, quer se encontren en España quer no estranxeiro. Se estiveren en España, a inmunidade esténdese tanto ás viaxes oficiais como ás visitas privadas, xa se trate de accións xudiciais en relación con actos oficiais ou privados, xa sexan relativas a actos realizados con anterioridade ao seu mandato ou durante o exercicio deste.

2. Non estarán obrigados a comparecer como testemuñas en procesos de que coñezan os órganos xurisdicionais españois.

CAPÍTULO II

Inmunidades de antigos xefes de Estado e de Goberno e antigos ministros de Asuntos Exteriores

Artigo 23. Continuidade da inmunidade respecto dos actos oficiais realizados durante o mandato.

1. Unha vez finalizado o seu mandato, os antigos xefes de Estado e de Goberno e os antigos ministros de Asuntos Exteriores continuarán a desfrutar de inmunidade penal unicamente en relación cos actos realizados durante o seu mandato no exercicio das súas funcións oficiais, co alcance que determina o dereito internacional. En todo caso, quedarán excluídos da inmunidade os crimes de xenocidio, desaparición forzada, guerra e lesa humanidade.

2. Tamén continuarán a desfrutar de inmunidade civil, laboral, administrativa, mercantil e fiscal unicamente en relación cos actos realizados durante o seu mandato no exercicio das súas funcións oficiais, coas excepcións previstas nos artigos 9 a 16.

Artigo 24. Xurisdición sobre os actos realizados a título privado durante o mandato.

Unha vez finalizado o seu mandato, as persoas a que se refire o presente capítulo non poderán facer valer a inmunidade ante os órganos xurisdicionais españois cando se trate

de accións relacionadas con actos non realizados no exercicio das súas funcións oficiais durante o seu mandato.

Artigo 25. *Xurisdición sobre os actos realizados con anterioridade ao comezo do mandato.*

Unha vez finalizado o seu mandato, as persoas a que se refire o presente capítulo non poderán facer valer a inmunidade de xurisdición e execución ante os órganos xurisdicionais españois por actos realizados con anterioridade ao comezo daquel.

CAPÍTULO III

Disposicións comúns

Artigo 26. *Reciprocidade na aplicación da inmunidade do xefe de Estado, xefe de Goberno e ministro de Asuntos Exteriores.*

Salvo que o impida o dereito internacional, a inmunidade dos xefes de Estado, xefes de Goberno ou ministros de Asuntos Exteriores ou das persoas que ocuparon estes cargos no pasado poderá verse denegada ou limitada na súa aplicación atendendo ao principio de reciprocidade.

Artigo 27. *Renuncia á inmunidade do xefe de Estado, xefe de Goberno e ministro de Asuntos Exteriores.*

1. O Estado estranxeiro poderá renunciar á inmunidade de xurisdición ante os órganos xurisdicionais españois do seu xefe do Estado, xefe de Goberno ou ministro de Asuntos Exteriores ou das persoas que ocuparon estes cargos no pasado.

2. A renuncia deberá ser sempre expresa.

3. Se calquera das persoas que gozan de inmunidade, de conformidade co disposto no presente título, promovese unha acción xudicial, non poderá facer valer a inmunidade de xurisdición respecto de calquera reconvencción directamente ligada á demanda principal.

4. A renuncia á inmunidade de xurisdición non implicará renuncia á inmunidade de execución, que requirirá unha nova renuncia expresa.

Artigo 28. *Revogación da renuncia.*

A renuncia do Estado estranxeiro a que se refire o artigo anterior non poderá ser revogada unha vez iniciado o proceso ante un órgano xurisdicional español.

Artigo 29. *Crimes internacionais.*

O disposto no presente título non afectará as obrigacións internacionais asumidas por España respecto do axuízamento de crimes internacionais nin os seus compromisos coa Corte Penal Internacional.

TÍTULO III

Inmunidades dos buques de guerra e dos buques e aeronaves de Estado

Artigo 30. *Inmunidade de buques de guerra e buques de Estado.*

Salvo que por acordo entre os Estados interesados se dispuxese outra cousa, os buques de guerra e os buques de Estado estranxeiros gozarán de inmunidade de xurisdición e execución ante os órganos xurisdicionais españois, mesmo cando se encontren en augas interiores ou en mar territorial españois.

Artigo 31. *Inmunidade de aeronaves de Estado.*

As aeronaves de Estado estranxeiras, tal como se definen na presente lei orgánica, gozarán de inmunidade de xurisdición e execución ante os órganos xurisdicionais españois, mesmo cando se encontren no espazo aéreo ou terrestre español.

Artigo 32. *Consentimento do Estado estranxeiro ao exercicio da xurisdición ou á adopción de medidas de execución.*

O consentimento do Estado estranxeiro ao exercicio da xurisdición ou á adopción de medidas de execución polos órganos xurisdicionais españois en relación cos seus buques de guerra e os seus buques e aeronaves de Estado, en supostos en que gocen de inmunidade conforme o establecido na presente lei orgánica, rexeráse polo disposto nos artigos 5 a 8, 18 e 19.

TÍTULO IV

Estatuto das forzas armadas visitantes

Artigo 33. *Estatuto das forzas armadas visitantes, do seu persoal militar e civil e dos seus bens.*

1. Ás forzas armadas visitantes dun Estado membro da OTAN ou da Asociación para a Paz, ao seu persoal militar e civil e aos seus bens, cando se encontren en territorio español por invitación ou con consentimento de España, aplicaráselles as disposicións do Convenio entre os Estados parte do Tratado do Atlántico Norte relativo ao estatuto das súas forzas, do 19 de xuño de 1951.

2. Ás forzas armadas visitantes de calquera outro Estado estranxeiro, ao seu persoal militar e civil e aos seus bens, cando se encontren en territorio español por invitación ou con consentimento de España, aplicaráselles, de forma total ou parcial, as disposicións do Convenio entre os Estados parte do Tratado do Atlántico Norte relativo ao estatuto das súas forzas, do 19 de xuño de 1951. Esta aplicación farase atendendo ao principio de reciprocidade e en virtude do acordo que sexa subscrito para tal efecto polo Ministerio de Defensa de España co homólogo do Estado estranxeiro.

3. As disposicións deste artigo aplicaranse a calquera parte do territorio baixo soberanía española onde estean situadas as forzas armadas visitantes, o seu persoal militar e civil e os seus bens, xa se encontren estacionadas ou en tránsito, así como aos buques e aeronaves de España.

TÍTULO V

Privilexios e inmunidades das organizacións internacionais con sede ou oficina en España

Artigo 34. *Inviolabilidade das organizacións internacionais.*

1. Os locais das organizacións internacionais, calquera que for o seu propietario, os seus arquivos, a súa correspondencia oficial e, en xeral, todos os documentos que lles pertencan ou se achen no seu poder e estean destinados ao seu uso oficial serán inviolables onde quer que se encontren.

2. Os locais das organizacións internacionais, así como todos os seus medios de transporte, bens e haberes en España non poderán ser obxecto de rexistro, requisa, confiscación, expropiación ou de calquera outra medida coercitiva de carácter executivo, administrativo, xudicial ou lexislativo.

Artigo 35. *Inmunidade das organizacións internacionais.*

1. En ausencia de acordo internacional bilateral ou multilateral aplicable, as organizacións internacionais gozarán, respecto de toda actuación vinculada ao cumprimento das súas funcións, de inmunidade de xurisdición e de execución ante os órganos xurisdicionais españois de todas as ordes, nos termos e condicións establecidos na presente lei orgánica.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando se trate de procedementos de dereito privado ou de procesos do ámbito laboral relativos a membros do persoal das organizacións internacionais, estas non poderán facer valer a inmunidade salvo que acrediten dispor dun mecanismo alternativo de resolución da controversia, xa estea previsto no tratado constitutivo, nos estatutos, no regulamento interno ou en calquera outro instrumento aplicable das organizacións internacionais.

2. Salvo acordo noutro sentido, as organizacións internacionais non gozarán da inmunidade prevista no número 1 en relación con accións de natureza civil iniciadas por terceiros por danos resultantes de accidente causado por vehículos de motor pertencentes ou utilizados pola organización no seu beneficio ou relacionadas cunha infracción de tránsito en que se encontren involucrados tales vehículos.

Artigo 36. *Persoal propio das organizacións internacionais.*

1. O máximo representante das organizacións internacionais en España gozará da inmunidade acordada polo dereito internacional para os xefes de misión diplomática, que se estenderá aos familiares ao seu cargo que non teñan nacionalidade española nin residencia habitual en España. Igualmente, gozarán de inviolabilidade persoal, así como de residencia, correspondencia e equipaxe.

2. A persoa que substitúa temporalmente o máximo representante da organización gozará da inmunidade a que se refire o número anterior durante o período de duración da substitución.

3. O resto do persoal das organizacións internacionais, calquera que for a súa nacionalidade, gozará de inmunidade de xurisdición e non poderá ser obxecto de ningunha forma de detención en relación con calquera palabra, escrito e acto executado no exercicio das súas funcións.

4. Os expertos e outras persoas contratadas polas organizacións internacionais para o desempeño de misións específicas durante un tempo limitado gozarán de inmunidade de xurisdición e non poderán ser obxecto de ningunha forma de detención en relación con calquera palabra, escrito e acto realizado no exercicio das súas funcións.

5. A inmunidade de xurisdición a que se refire este artigo subsistirá despois de ter cesado na condición de representante, membro do persoal, experto ou contratado da organización polos actos realizados no exercicio das súas funcións durante a súa permanencia no cargo de que se trate.

Artigo 37. *Consentimento das organizacións internacionais ao exercicio da xurisdición por parte dos órganos xurisdicionais españois.*

1. As organizacións internacionais non poderán facer valer a inmunidade de xurisdición ante un órgano xurisdicional español respecto dunha cuestión en relación coa cal tiveren consentido de forma expresa o exercicio da dita xurisdición:

- a) Por acordo internacional;
- b) Nun contrato escrito; ou
- c) Por unha declaración ante o tribunal ou por unha comunicación escrita nun proceso determinado.

2. As organizacións internacionais non poderán facer valer a inmunidade de xurisdición ante un órgano xurisdicional español en relación cun determinado proceso:

- a) Cando este fose iniciado mediante a interposición de demanda ou querela pola propia organización;

- b) Cando a organización internacional realizase calquera acto relativo ao fondo do proceso;
- c) Cando a organización internacional formulase reconvenção baseada na mesma relación xurídica ou nos mesmos feitos que a demanda principal; ou
- d) Cando se formulase reconvenção baseada na mesma relación xurídica ou nos mesmos feitos que a demanda presentada pola organización internacional.

3. A inclusión nun contrato en que sexan parte as organizacións internacionais dunha cláusula en que se recoñeza a xurisdición dun órgano xurisdiccional ordinario español constituirá unha renuncia á inmunidade de xurisdición.

Artigo 38. Comportamentos que non constitúen consentimento á xurisdición.

Non se interpretará como consentimento da organización internacional ao exercicio da xurisdición por órganos xurisdiccionais españois respecto de determinado proceso:

- a) A intervención da organización internacional no proceso para facer valer a inmunidade;
- b) A comparecencia dun representante da organización internacional no proceso en calidade de testemuña;
- c) A incomparecencia da organización internacional no proceso; ou
- d) O consentimento expreso ou tácito, outorgado pola organización internacional á aplicación da lei española á cuestión obxecto do proceso.

Artigo 39. Revogación do consentimento.

O consentimento da organización internacional a que se refire o artigo 37 non poderá ser revogado unha vez iniciado o proceso ante un órgano xurisdiccional español.

Artigo 40. Representantes dos Estados membros e Estados observadores ante a organización internacional.

1. Os representantes permanentes ante a organización internacional e os xefes das misións de observación gozarán da inmunidade acordada para os xefes de misión diplomática acreditados en España, que se estenderá aos familiares ao seu cargo que non teñan nacionalidade española nin residencia habitual en España. Igualmente, gozarán de inviolabilidade persoal, así como de residencia, correspondencia e equipaxe.

2. Os membros do persoal diplomático das delegacións dos Estados membros e Estados observadores ante a organización internacional gozarán da inmunidade acordada para os axentes diplomáticos en España, que se estenderá aos familiares ao seu cargo que non teñan nacionalidade española nin residencia habitual en España. Igualmente, gozarán de inviolabilidade persoal, así como de residencia, correspondencia e equipaxe.

3. Os restantes membros das delegacións dos Estados membros e Estados observadores ante a organización internacional gozarán de inmunidade de xurisdición e de detención en relación con calquera palabra, escrito e actos realizado no exercicio das súas funcións.

Artigo 41. Consentimento do Estado estranxeiro ao exercicio da xurisdición e á adopción de medidas de execución.

O consentimento do Estado estranxeiro ao exercicio da xurisdición e á adopción de medidas de execución por órganos xurisdiccionais españois en relación coas súas representacións permanentes ou de observación e os membros destas rexerese, en ausencia de acordo internacional que o regule, polo disposto nos artigos 5 a 8, 18 e 19.

TÍTULO VI

Privilexios e inmunidades aplicables ás conferencias e reunións internacionais*Artigo 42. Ámbito de aplicación.*

1. En ausencia de acordo específico celebrado por España, o réxime establecido no presente título regulará os privilexios e inmunidades aplicables á celebración en España dunha conferencia ou reunión internacional, calquera que for a súa denominación particular.

2. Nos casos en que España celebre un acordo específico na materia, o réxime aplicable será o estipulado nese acordo e supletoriamente o establecido na presente lei orgánica.

Artigo 43. Duración dos privilexios e inmunidades.

Con carácter xeral, a duración dos privilexios e inmunidades recoñecidos estenderase durante toda a duración da conferencia ou reunión internacional e os respectivos períodos de dez días anteriores e cinco días posteriores a esta.

Artigo 44. Facilidades, privilexios e inmunidades para a celebración da conferencia ou reunión internacional.

1. Os locais asignados á conferencia ou reunión internacional, calquera que for o seu propietario, serán inviolables. Ningún axente das autoridades españolas poderá entrar neles sen consentimento expreso da máxima autoridade da organización ou representante autorizado, ben que o consentimento se presumirá en caso de incendio ou emerxencia equiparable.

2. Os locais, medios de transporte, arquivos e documentos e calquera dos bens e haberes asignados á conferencia ou reunión internacional non poderán ser obxecto de rexistro, requisa, confiscación, expropiación ou de calquera outra medida coercitiva de carácter executivo, administrativo, xudicial ou lexislativo.

3. Estarán exentos de dereitos de alfándega e taxas de importación, nos casos e condicións en que o permita a normativa aduaneira da Unión Europea, o material administrativo, técnico e científico subministrado pola organización para a celebración da conferencia ou reunión internacional, as publicacións e demais documentos oficiais da organización destinados aos seus traballos e os presentes habituais ofrecidos ou recibidos polos seus altos funcionarios, sempre que a organización se comprometa á súa reexportación ao termo do evento, con excepción dos consumidos *in situ*.

4. O máximo representante da organización na conferencia ou reunión internacional e quen desempeñe a presidencia do evento, se non foren a mesma persoa, gozarán das prerrogativas e privilexios concedidos aos xefes de misión diplomática en España, que se estenderán aos familiares que o acompañen, sempre que non teñan nacionalidade española nin residencia habitual en España.

Artigo 45. Delegacións de Estados invitados á conferencia ou reunión internacional.

1. O xefe da delegación gozará das prerrogativas e privilexios recoñecidos en España aos xefes de misión diplomática.

2. Os membros do persoal das delegacións dos Estados invitados, cuxos nomes deberán ser comunicados ao Goberno español por vía diplomática con anticipación ao inicio da conferencia ou reunión internacional, gozarán das prerrogativas e privilexios recoñecidos aos axentes diplomáticos en España, coa excepción prevista no número 4.

3. Os restantes membros da delegación gozarán de inmunidade de xurisdición e non poderán ser obxecto de ningunha forma de detención por calquera palabra, escrito e acto realizado en relación coa conferencia ou reunión internacional.

4. Non obstante o disposto no número 2, os membros do persoal das delegacións non gozarán de inmunidade en relación con accións de natureza civil iniciadas por terceiros por danos resultantes de accidente causado por vehículos de motor ou relacionadas cunha infracción de tráfico na cal se encontren involucrados tales vehículos.

5. Os locais asignados ás delegacións, calquera que for o seu propietario, serán inviolables. Ningún axente das autoridades españolas poderá entrar neles sen consentimento expreso do xefe da delegación ou de quen o substitúa, ben que o consentimento se presumirá en caso de incendio ou emerxencia equiparable.

6. Os locais, medios de transporte, arquivos e documentos non poderán ser obxecto de rexistro, requisa, confiscación, expropiación ou de calquera outra medida coercitiva de carácter executivo, administrativo, xudicial ou lexislativo.

7. Permitirase a libre comunicación das delegacións para todos os fins relacionados coa conferencia ou reunión internacional. Para este fin, poderán utilizar todos os medios de comunicación adecuados, incluídos correos diplomáticos, valixa diplomática e mensaxes en clave ou en cifra.

8. Estarán exentos de dereitos de alfándega e taxas de importación, nos casos e condicións en que o permita a normativa aduaneira da Unión Europea, o material administrativo e técnico destinado á celebración da conferencia ou reunión internacional, as publicacións e demais documentos oficiais da delegación destinados aos seus traballos e os presentes habituais ofrecidos ou recibidos, sempre que o Estado estranxeiro que envía a delegación se comprometa á súa reexportación ao termo do evento, con excepción dos consumidos *in situ*.

Artigo 46. *Outros invitados e funcionarios da organización.*

Os invitados á conferencia ou reunión internacional que non formen parte de delegacións de Estados e os membros do persoal da organización desprazados a España para participaren no evento ou na súa organización, sempre que non teñan nacionalidade española nin residencia habitual en España, non poderán ser obxecto de ningunha forma de detención nin de confiscación de equipaxe persoal, salvo en caso de flagrante delito. Gozarán, igualmente, de inmunidade de xurisdición por calquera palabra, escrito e acto realizado en relación coa conferencia ou reunión internacional.

Artigo 47. *Conferencias ou reunións internacionais organizadas polas Nacións Unidas ou os seus organismos especializados.*

1. No caso de que as Nacións Unidas ou algún dos seus organismos especializados celebre en España, por invitación do Goberno español, en colaboración con este ou co seu consentimento, unha conferencia ou reunión internacional, aplicarase o réxime de privilexios e inmunidades previsto na Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas, aprobada pola Asemblea Xeral o 13 de febreiro de 1946, ou na Convención sobre privilexios e inmunidades dos organismos especializados, aprobada pola Asemblea Xeral o 21 de novembro de 1947, segundo corresponda, da forma expresada nos seguintes números.

2. Os representantes dos Estados membros da organización ou do organismo cuxo nome fose comunicado pola organización ou o organismo ao Goberno español por vía diplomática con anticipación ao inicio da conferencia ou reunión internacional, gozarán das prerrogativas e inmunidades previstas no artigo IV da Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas de 1946 ou no artigo V da Convención sobre privilexios e inmunidades dos organismos especializados de 1947, segundo corresponda.

3. Os participantes na conferencia ou reunión internacional que non sexan representantes dos Estados membros a que se refire o artigo anterior, invitados ben polas Nacións Unidas ben polo organismo especializado organizador, ben polo Goberno de España ou por ambos, cuxo nome fose comunicado ao Goberno de España por vía diplomática con anticipación ao inicio do evento, gozarán das prerrogativas e inmunidades

recoñecidas aos expertos que forman parte das misións de Nacións Unidas previstas no artigo VI da Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas de 1946.

4. Os funcionarios das Nacións Unidas ou dos seus organismos especializados que participen na conferencia ou reunión internacional ou desenvolvan funcións relacionadas con esta e cuxo nome fose comunicado ao Goberno de España con anticipación ao inicio do evento gozarán das prerrogativas e inmunidades recoñecidas nos artigos V e VII da Convención de 1946 e os artigos VI e VIII da Convención de 1947, respectivamente.

5. Supletoriamente, aplicarase o disposto no presente título.

Artigo 48. *Conferencias ou reunións internacionais organizadas pola Unión Europea.*

No caso de que a Unión Europea ou algunha das súas institucións, órganos ou organismos celebre en España, por invitación do Goberno español, en colaboración con este ou co seu consentimento, unha conferencia ou reunión internacional, aplicarase o réxime de privilexios e inmunidades previsto no Protocolo número 7 sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea e supletoriamente o disposto no presente título.

TÍTULO VII

Cuestións procedementais

Artigo 49. *Apreciación de oficio da inmunidade polos órganos xurisdicionais.*

Os órganos xurisdicionais españois apreciarán de oficio as cuestións relativas á inmunidade a que se refire a presente lei orgánica e absteranse de coñecer dos asuntos que se lles sometan cando se teña formulado demanda, querela ou se teña iniciado o proceso de calquera outra forma ou cando se solicite unha medida executiva respecto de calquera dos entes, persoas ou bens que gocen de inmunidade conforme a presente lei orgánica.

Artigo 50. *Invocación da inmunidade.*

Salvo que teña renunciado tacitamente á inmunidade de xurisdición, e sexa cal for o tipo de procedemento, o Estado estranxeiro poderá facela valer pola vía da declinatoria, de conformidade co disposto nos artigos 63 e seguintes da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, con excepción dos prazos previstos no número 1 do artigo 64.

Artigo 51. *Proceso incoado contra Estados ou organizacións internacionais ou contra persoas con inmunidade.*

Para os efectos da presente lei orgánica, entenderase que se incoou un proceso ante os órganos xurisdicionais españois contra calquera dos entes ou persoas que, de conformidade coa presente lei orgánica, gozan de inmunidade, se algún deles é mencionado como parte contra a cal aquel se dirixe.

Artigo 52. *Comunicacións xudiciais dirixidas a Estados estranxeiros.*

Os emprazamentos, citacións, requirimentos e calquera outro acto de comunicación xudicial dirixido a Estados estranxeiros, así como a comunicación ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación da existencia de calquera procedemento contra un Estado estranxeiro, só para os efectos de que aquel emita informe en relación coas cuestións relativas á inmunidade de xurisdición e execución, realizaranse na forma prevista na Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil.

Artigo 53. *Comunicacións dos Estados estranxeiros e das organizacións internacionais.*

As comunicacións dos Estados estranxeiros polas cales se faga constar expresamente o seu consentimento ao exercicio da xurisdición por órganos xurisdicionais españois ou a

renuncia á inmunidade en todos os casos previstos na presente lei orgánica, así como as das organizacións internacionais que teñan a mesma finalidade, cursaranse por vía diplomática, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 54. *Procedemento de comunicación entre o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e os órganos xurisdicionais españois.*

1. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación remitirá o emprazamento ou a notificación do órgano xurisdicional á misión diplomática ou á representación permanente española correspondente, para os efectos do seu traslado ao Ministerio de Asuntos Exteriores do Estado estranxeiro ou ao órgano competente da organización internacional.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación dará traslado ao órgano xurisdicional competente do informe non vinculante previsto no artigo 27 da Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil, e de calquera comunicación que, en materia de inmunidade, lle remita por vía diplomática un Estado estranxeiro ou unha organización internacional en relación cun proceso incoado en España.

3. O órgano xurisdicional competente, o antes posible, dará traslado ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das peticións do informe previsto no artigo 27 da Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil e das comunicacións que dirixa ao Estado estranxeiro.

Artigo 55. *Sentenzas ditadas en rebeldía.*

Os órganos xurisdicionais españois non ditarán sentenza en rebeldía contra o Estado estranxeiro ou a organización internacional, salvo que concorran as seguintes condicións:

- a) Que se cumprisen os requisitos de notificación;
- b) Que transcorrese un prazo de catro meses contado desde a data de recepción da notificación da demanda ou outro documento polo cal se incoe o proceso; e
- c) Que a presente lei orgánica non impida o exercicio da xurisdición.

Artigo 56. *Privilexios e inmunidades dos Estados estranxeiros e das organizacións internacionais durante a substanciación do proceso.*

1. O feito de que o Estado estranxeiro ou a organización internacional incumpra ou recuse cumprir o requirimento dun órgano xurisdicional español polo cal sexa instado a realizar ou absterse de realizar determinado acto, a presentar calquera documento ou a revelar calquera outra información para os efectos do proceso non terá máis consecuencias que as que resulten de tal comportamento en relación co fondo do asunto. En particular, non se imporá ningunha sanción ou pena ao Estado ou organización internacional que incumprise ou recusase cumprir tal requirimento.

2. Ningún Estado estranxeiro ou organización internacional estará obrigado a prestar caución, fianza ou depósito para garantir o pagamento das custas ou gastos xudiciais de calquera proceso en que sexa parte demandada ante un órgano xurisdicional español.

Disposición adicional única. *Comunicación a outros suxeitos de dereito internacional.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicará a presente lei orgánica a todos os suxeitos de dereito internacional con que España mantén relacións, incluídas as organizacións internacionais de que é membro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan á presente lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente lei orgánica dítase en exercicio das competencias exclusivas atribuídas ao Estado en materia de relacións internacionais e de lexislación procesual polo artigo 149.1.3.^a e 6.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Carácter ordinario de determinados artigos da lei.*

Sen prexuízo do carácter orgánico da presente lei, os artigos 49 a 55 e a disposición derradeira cuarta teñen carácter ordinario.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

O artigo 21.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Non obstante, non coñecerán das pretensións formuladas respecto de suxeitos ou bens que gocen de inmunidade de xurisdición e de execución de conformidade coa lexislación española e as normas de dereito internacional público.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

A circunstancia 1.^a do número 2 do artigo 36 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, queda redactada como segue:

«1.^a Cando se formulase demanda ou se solicitase execución respecto de suxeitos ou bens que gocen de inmunidade de xurisdición ou de execución de conformidade coa lexislación española e as normas de dereito internacional público.»

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o Goberno para ditar as disposicións que resulten necesarias para o adecuado desenvolvemento do establecido na presente lei orgánica.

Disposición derradeira sexta. *Preferencia dos tratados internacionais.*

En caso de concorrencia normativa da presente lei orgánica coas previsións recollidas nun tratado internacional de que o Reino de España sexa Estado parte aplicarase con carácter preferente o tratado internacional.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY